



## **CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E UNIVERSIDADE E O CONCELLO DE CAMBADOS PARA A FINALIZACIÓN DAS OBRAS DE INSTALACIÓN DO SERVIZO DE COMEDOR ESCOLAR NO CEIP SAN TOMÉ (CAMBADOS)**

Cambados,

### **REUNIDOS**

Dunha parte, Román Rodríguez González, na súa condición de conselleiro de Cultura, Educación e Universidade, en virtude do seu nomeamento mediante o Decreto 112/2020, do 6 de setembro, no exercicio das atribucións que lle confire o artigo 34 a Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e a súa Presidencia e o artigo 3 do Decreto 198/2020, do 20 de novembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Cultura, Educación e Universidade (DOG nº 242 do 01.12.2020).

Doutra, Fátima Abal Roma, na súa condición de alcaldesa do Concello de Cambados, no exercicio das competencias que lle atribúe o artigo 21.1.b) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local.

Ambas partes recoñécense a capacidade legal necesaria para formalizar este convenio de colaboración, consonte os principios de colaboración, cooperación, coordinación e eficacia que deben presidir as actuacións das administracións públicas, e

### **EXPOÑEN**

I. O establecemento do servizo de comedor escolar no *CEIP San Tomé (Cambados)* para dar resposta ás demandas da comunidade educativa require a habilitación dos espazos necesarios nas condicións que permitan destinalos a comedor escolar do centro. Con esta finalidade, a Consellería de Cultura, Educación e Universidade e o Concello de Cambados asinaron o 29.09.2020 un convenio de colaboración co obxecto de acondicionar os espazos necesarios para dotar do referido servizo de comedor ao centro educativo. Segundo a relación valorada incorporada ao expediente, o orzamento destas actuacións foi establecido





na contía de 120.000 euros en concepto do investimento nun inmoible de titularidade municipal adscrito ao uso educativo.

II. As partes acordaron o financiamento destas actuacións de acordo coas achegas que se indican:

| Institución | Importe | Aplicación orzamentaria |
|-------------|---------|-------------------------|
| Consellería | 60.000  | 10.10.422A.632.1.04     |
| Concello    | 60.000  | 2020.3230.62208         |

III. A Consellería de Cultura, Educación e Universidade, a través da Xefatura Territorial de Pontevedra, obrigouse a levar a cabo a licitación, dirección, execución e recepción das obras, así como a achegar 60.000 euros do custo da obra con cargo ao crédito desconcentrado na Xefatura Territorial de Pontevedra, e a destinar os fondos percibidos do Concello de Cambados ao financiamento das obras obxecto do convenio.

En cumprimento destas obrigas, e por delegación do conselleiro, a Xefatura Territorial de Pontevedra tramitou o expediente de contratación e formalizou o contrato de execución das obras o 09.12.2020 por un importe de adxudicación de 101.100 euros e cun prazo de execución de 45 días.

IV. O Concello de Cambados comprometeuse a conceder as autorizacións precisas e a asumir para este fin a redacción da documentación técnica necesaria, así como a achegar as subministracións básicas necesarias (abastecemento de auga, saneamento e electricidade) para a prestación do servizo de comedor nas instalacións, e a financiar 60.000 euros do custo da obra mediante a achega das cantidades correspondentes dos seus orzamentos, con renuncia a reter da aportación da corporación calquera tipo de tributo con motivo das obras.

O Concello realizou a transferencia da cantidade acordada (60.000 euros) á conta xeral da Xunta de Galicia, c/c. ES82 2080 0300 8731 1006 3172 nos termos estipulados no convenio.

V. O convenio extinguiuse o 31.12.2020 ao finalizar o seu período de vixencia sen que tivesen rematado as obras previstas nel. O importe das actuacións executadas segundo a certificación de obra nº 1 foi de 18.850, 14 euros. O Concello de Cambados non prestou a





súa conformidade á sinatura da addenda proposta remitida pola Consellería ao abeiro da cláusula sétima do convenio para prorrogar a súa vixencia.

**VI.** Resulta de evidente interese público garantir a continuidade do contrato perfeccionado ao abeiro do referido convenio e permitir así finalizar a execución das obras contratadas.

**VII.** Os convenios entre as administracións públicas constitúen o instrumento adecuado para desenvolver a súa cooperación en cuestións de interese común, tal como establecen os artigos 47 e seguintes da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, 57 da Lei 7/85, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local e 198 e seguintes da Lei 5/97, do 22 de xullo, de administración local de Galicia.

**VIII.** A lexislación de réxime local establece como unha das competencias propias dos concellos a conservación, mantemento e vixilancia dos edificios destinados a centros públicos de educación infantil, de educación primaria ou de educación especial.

En virtude do exposto, ámbalas dúas partes acordan a subscrición do presente convenio de acordo coas seguintes

## CLÁUSULAS

### Primeira. **Obxecto**

O obxecto do presente convenio é articular as bases de colaboración entre a Consellería de Cultura, Educación e Universidade e o Concello de Cambados para finalizar a execución das obras de acondicionamento dos espazos necesarios para o establecemento do servizo de comedor escolar do CEIP San Tomé, iniciadas ao abeiro do convenio asinado o 29.09.2020 e extinguido o 31.12.2020.

### Segunda. **Orzamento**

O importe destas actuacións ascende á contía de 82.849,86 euros (IVE incluído) que corresponde á execución da obra no exercicio de 2021 e comprende todos os gastos que derivan dela, incluídos os da dirección e de seguridade e saúde (600 euros).





### Terceira. **Financiamento**

Os gastos correspondentes á totalidade das obras executadas desde o 01.01.2021, incluídos os derivados da dirección facultativa e da coordinación da seguridade e saúde laboral, serán financiados pola Consellería de Cultura, Educación e Universidade con cargo ao crédito desconcentrado na Xefatura Territorial de Pontevedra de acordo coas achegas que se indican:

| Institución | Importe   | Aplicación orzamentaria |
|-------------|-----------|-------------------------|
| Consellería | 82.849,86 | 10.10.422A.632.1        |

Se na fase de execución da obra no exercicio de 2021 os custos incluídos nesta cláusula resultan incrementados, a Consellería financiará este incremento na súa integridade.

### Quinta. **Obrigas do Concello de Cambados**

O concello concederá as autorizacións que fosen precisas para a execución das obras e asumirá para este fin a redacción da documentación técnica necesaria. Así mesmo, achegará as subministracións básicas necesarias (abastecemento de auga, saneamento e electricidade) para a prestación do servizo de comedor nas instalacións e asumirá o mantemento e a conservación das instalacións dende o día seguinte ao da formalización da acta de recepción das obras.

### Sexta. **Comisión de seguimento e control**

Créase unha comisión mixta de carácter paritario entre as dúas institucións asinantes para o seguimento e control do cumprimento deste convenio e para propoñer a resolución das dúbidas de interpretación e das controversias derivadas da súa execución. A comisión estará integrada por tres persoas en representación da consellería e outras tres en representación do concello. A presidencia corresponderá a unha das persoas representantes da consellería. Esta comisión reunirse no prazo de tres días contados dende a petición expresa de calquera das partes.





Sétima. ***Vixencia do convenio***

O presente Convenio entrará en vigor na data da súa sinatura e terá vixencia ata o 30 de abril de 2021.

Oitava. ***Resolución***

Ademais da expiración do seu prazo de vixencia, serán causas de extinción do convenio o mutuo acordo das partes asinantes ou a decisión unilateral dunha parte por incumprimento da outra parte ou porque existen causas excepcionais e xustificadas que dificulten ou obstaculicen o cumprimento das estipulacións que constitúen o seu contido, previa denuncia cun prazo de dous meses de antelación. Así como por decisión xudicial declaratoria da nulidade do convenio, conforme ao artigo 51 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

Novena. **Natureza xurídica, réxime xurídico e xurisdición competente**

O presente convenio ten natureza administrativa, réxese pola Lei 40/2015, do 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público, e queda fóra do ámbito da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, que os exclúe expresamente o artigo 6.

As partes quedan sometidas á xurisdición contencioso-administrativa, a falta de entendemento previo pola comisión citada na cláusula sexta, para a resolución das posibles controversias sobre a interpretación e o cumprimento do convenio.

Décima.- **Protección de datos persoais**

As partes asinantes responsabilizaranse de que calquera tratamento de datos persoais que puideran levarse a cabo en virtude do mesmo se realice con absoluto respecto ás normas de seguridade e de conformidade co establecido no Regulamento 2016/179 (UE) Xeral de Protección de datos (en diante, RXPd), na Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais (en diante, LOPdGDD) e demais normativa concordante.





Os datos persoais das persoas físicas asinantes do Convenio serán tratados polos asinantes unicamente para a adecuada formalización e desenvolvemento do mesmo e en base ao disposto no artigo 6.1 b) do RXP.

#### Décimo primeira.- **Notificación electrónica**

Segundo o artigo 14.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, os colectivos que están obrigados a relacionarse a través de medios electrónicos coas administracións públicas, e polo tanto, a recibir notificacións por canles electrónicas son: as persoas xurídicas, as entidades sen personalidade xurídica, os colexios profesionais, os que representen un interesado que estea obrigado a relacionarse electronicamente coa Administración e, os empregados das administracións públicas para os trámites que realicen con elas por razón da súa condición de empregado público.

As notificacións realizaranse só por medios electrónicos a través do Sistema de Notificación Electrónica de Galicia Notifica.gal, <https://notifica.xunta.gal>. Para poder acceder a unha notificación electrónica, o interesado deberá contar cun certificado electrónico asociado ao NIF que figure como destinatario da notificación (persoa física ou xurídica). Así mesmo, o interesado pode autorizar a calquera outra persoa a acceder ao contido das súas notificacións.

#### Décimo segunda.- **Publicidade e rexistro do convenio. Autorización e consentimento para que se publiquen os datos persoais e demais especificacións que figuran no convenio**

Estarase ao disposto no artigo 15 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, sobre as obrigas específicas de información sobre convenios.

Asemade, procederase á inscrición do convenio no Rexistro Público de Subvencións conforme ao establecido no artigo 16 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, e no Decreto 132/2006, do 27 de xullo.

Coa sinatura do presente convenio as partes asinantes prestan o seu consentimento para incluír e facer públicos a través do Portal de Transparencia e Goberno Aberto e do rexistro





regulado no Decreto 132/2006, do 27 de xullo, os datos de carácter persoal contidos no convenio.

En proba de conformidade con canto antecede, asinan este convenio por triplicado exemplar no lugar e data arriba indicados.

Pola Consellería de Cultura, Educación  
e Universidade

Polo Concello de Cambados

Román Rodríguez González

Fátima Abal Roma

